

A VOZ DO CHANO

XORNAL QUINCENAL DO
CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro - Gondomar (Pontevedra)

Venres 30 de setembro de 2022

O verán máis caloroso en Gondomar

Os alumnos e alumnas do Chano Piñeiro volven ás aulas tras o verán máis caloroso.


Autores: Antón, Claudia, Elías e Morgan.

Os nenos e as nenas comezaron o curso o 8 de Setembro tras un verán con temperaturas de 40° en Gondomar.


Este pasado verán alcanzáronse en todo o Val Miñor temperaturas moi altas. O récord rexistrouse o 12 de xullo, día no que se chegou a 40° en Gondomar.

Para soportar as altas temperaturas, os nenos e nenas foron á praia, á piscina e viaxando de vacacións a lugares máis frescos.

Ó empezar o colexio as temperaturas baixaron hasta os 32°.



Alumnado que participa




Unha esperada estrea, "EL niño delfín"

Esta fin de semana poderemos disfrutar dunha nova estrea en todos os cines de España

Autores: Leticia, Lara, Iván e Mateo.

Existen películas tan encantadoras que soñarás con elas. A próxima estrea 'El niño delfín' promete ser unha delas. Estará protagonizada por



Sara Maldonado e Mark Tacher e aquí contámosche todos os detalles ao respecto. Uns delfíns rescatan a un neno no mar e críano como a un máis da familia. Vive unha vida sen preocupacións baixo as ondas ata que un malvado monstro toma o poder sobre o mundo submariño.


O partido máis galego disputouse hai poucos días

O Celta B xogou contra o Deportivo da Coruña o fin de semana pasado.

Autores: Hugo, Martina, Mateo e Samuel..

O pasado 24 de setembro disputouse o esperado derbi do Celta B contra O Deportivo. Xogaron no campo de Balaidos (Vigo), ás 18:00 horas. O mellor xogador foi Iker Losada do Celta e do Deportivo, Diego Villares, aínda que o Celta destacou sobre o terreo de xogo.

A previsión do partido foi a seguinte: Celta de Vigo 81% e Deportivo da Coruña 19%, pero ante a esperada victoria do equipo vigués o resultado non foi o esperado, os equipos fixeron tablas a uns. O Celta tivo dúas faltas amarelas mentras que o Deportivo so tivo unha.



O único animal do mundo que é unha planta

A Elysia Esmeralda estase investigando despois de moitos anos.

Autores: Cristian, Daniela, Valeria e Brais.

Fai moitos anos descubriuse unha babosa de mar chamada Elysia Esmeralda da que non se informou durante moitos anos.



Este animal foi descuberto en 1870 en augas do océano Atlántico de América do Norte. Fai uns meses, desde Canadá, comunicaron a existencia deste animal como un dos animais máis extraños do mundo. Esta babosa de mar mide 45 milímetros e aliméntase de algas. Gracias á súa alimentación e á falta de pigmentación do seu corpo fai a fotosíntese, polo que se convertiu no único animal con esta característica propia das plantas.

A súa esperanza de vida é de 11 ou 12 meses e dado que o seu corpo é tan estreito como unha folla, pode camuflarse nas rochas como unha alga ante as ameazas.


Descubrimento dun dinosourio fosilizado.

Descobren o que podería ser o dinosourio máis grande de Europa.

Autores: Cristian, Daniela, Valeria e Brais.

O pasado xuño, un grupo de arqueólogos atoparon os restos fósiles dun dinosourio en Inglaterra.

Parece que se trata dun Spirosaurus que mediu 10 metros de lonxitude polo que podería ser o dinosourio carnívoro máis grande de Europa.



Os fósiles atopados datan de hai uns 200 millóns de anos e aínda que non son tan grandes como os restos atopados nos ríos do norte de África, os investigadores apuntan que podería tratarse do maior dinosourio depredador xamais atopado no noso continente.

O Spirosaurus tiña cabeza de cocodrilo e alimentábase de peixe e carne e a súa extinción crese que foi debida á falta de presas e comida causada polo cambio climático, aínda que outros científicos afirman que se debeu ao impacto dun meteorito, cometa ou asteroide contra a superficie terrestre.



Os ósos da súa pelve e da cola indican que era enorme e as membranas das súas vértebras indican que se trata deste xénero, Spinosaurus.

Ademais o entorno no que se atoparon os restos trátase dunha antiga lagoa, na que o depredador probablemente pescara.

Este dinosourio foi bautizado como Spinosaurus de Roca Blanca xa que o seu fósil foi atopado nunha rocha de pedra arenisca. Sen embargo, os restos poderían pertencer a outro Spirosaurus descoñecido ou a outro Terópodo grande así que os investigadores aínda non lle deron un nome científico á espera de que aparecen máis restos.



Autoras: Candela, Leila, Mayra e Zoe.




LABERINTO

Atopa o camiño á escola

SUDOKU

Completa o tableiro con números do 1 ao 9 de xeito que non se repita ningunha cifra en ningunha fila vertical nin horizontal, nin en ningún cadrado.



ENCRUCILLADO

SOPA DE LETRAS

Busca na sopa as palabras da lista. Poden estar en horizontal, vertical ou diagonal.

T	L	E	N	N	H	N	H	P	H	O	P
B	E	M	M	A	I	A	I	N	V	E	A
E	P	N	V	T	P	T	P	T	O	B	T
I	O	B	I	A	I	S	I	N	T	O	I
S	T	A	O	C	S	O	C	S	V	W	N
B	H	D	F	I	O	N	A	Z	L	T	A
O	V	A	E	O	U	S	S	P	U	V	J
L	I	T	S	N	P	I	B	A	I	L	E
A	N	I	W	E	T	A	N	A	C	B	A
B	A	L	O	N	C	E	S	T	O	Z	S
A	L	O	R	D	U	B	O	S	T	I	E
L	O	V	E	L	V	N	U	E	N	N	C
A	B	O	S	O	L	O	P	E	V	I	B
F	U	T	B	O	L	I	T	A	A	O	S

- TENIS
- NATACIÓN
- HÍPICA
- PATINAJE
- BALONCESTO
- FÚTBOL
- POLO
- BAILE
- BÉISBOL